



UNIVERSIDADE  
DE VIGO

**LISTA DE ASISTENTES**

D. Domingo Docampo Amoedo  
 D. Salustiano Mato de la Iglesia  
 D. Pedro Merino Gómez  
 D. Javier De Vicente Remesal  
 D. Antón Fernández Álvarez  
 D. Juan M. Suárez Creo  
 D. Jose M. Da Rocha Álvarez  
 D. Julio Taboada Pérez  
 D<sup>a</sup>. Margarita Estévez Toranzo  
 D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Luisa Alonso Escontrela  
 D. Manuel Ángel Candelas Colodrón  
 D. Benjamín Pablo Casanova López  
 D. Eusebio Corbacho Rosas  
 D<sup>a</sup>. Patricia Corbacho Suso  
 D. Julia De la Montaña Miguélez  
 D. Guillermo De Oca Cancela  
 D. José Durany Castrillo  
 D. Manuel Fernández Gesto  
 D<sup>a</sup>. Ángeles Filgueira Pérez  
 D. Rubén Garrido Bernárdez  
 D. José M<sup>a</sup>. Gil Villanueva  
 D. Luis Gude Troitiño  
 D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Teresa Iglesias Randulfe  
 D. José Luis Legido Soto  
 D. Andrés Mazaira Castro  
 D. Pedro Membiela Iglesias  
 D. Carlos Mollinedo Lois  
 D<sup>a</sup>. Ascensión Muñoz del Barrio  
 D. Alberto Pena Rodríguez  
 D. Manuel Pérez Donsión  
 D. Luis Pérez Gómez  
 D. Jose Pose Blanco  
 D. Francisco Javier Rodríguez Berrocal  
 D. Patricio Sánchez Bello  
 D. Xoán Xosé Santamaría Conde ( UXT)  
 D. Rafael Sanz Domínguez  
 D. José Tojo Suárez  
 D. Enrique Valero Gutiérrez Del Olmo  
 D. Manuel Varela Lafuente  
 D. Manuel Velasco Graña  
**DESCULPA A ASISTENCIA**  
 D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup>. Victoria Carballo-Calero Ramos  
 D. M<sup>a</sup> José Roca Fernández

Acta da sesión ordinaria da Xunta de  
Goberno da Universidade de Vigo, de trece de  
decembro de dous mil un, ás 9:30 horas en  
primeira convocatoria e ás 10:00 horas en  
segunda, no Paraninfo do Rectorado.

O xoves, **día 13 de decembro de 2001**,  
ás 10:00 horas, comezou a sesión ordinaria da  
Xunta de Goberno co obxecto de tratar os  
seguintes puntos da orde do día:

- 1.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior ( 12-11-2001)
- 2.- Informe do Rector.
- 3.- Proposta da Comisión Xulgadora do Programa de Cátedras I+D a partir do estudio das solicitudes de revisión presentadas
- 4.- Asuntos de profesorado: prazas BOE, visitantes.
- 5.- Recursos de alzada presentados por estudantes da Escola Universitaria de Estudos Empresariais de Vigo contra a non admisión a trámite de solicitudes de avaliación curricular.
- 6.- Disposicións da normativa de equivalencia entre os programas de doutoramento e os títulos propios da Universidade de Vigo.
- 7.- Modificacións do regulamento de Biblioteca.
- 8.- Reforma do Convenio e dos Estatutos do Consorcio para a creación do Parque Científico Tecnolóxico Universitario de Galicia.
- 9.- Aprobación, se procede, dos seguintes planos de estudio: Enxeñeiro en Automática e Electrónica Industrial e Enxeñeiro en Organización Industrial.
- 10.- Aprobación, se procede do, do IV Master en Condiciones de Trabajo y Prevención de Riesgos Laborales.
- 11.- Proposta de xerencia sobre aplicación do saldo da conta de *resultados de exercicios anteriores*.
- 12.- Elección para cubrir as seguintes vacantes en Comisións Delegadas de Xunta de Goberno  
-Comisión de Docencia: 1 vacante no sector de estudantes -Comisión de Ordenación Académica e Validacións : 1 vacante no sector de estudantes
- 13.-Rogos e preguntas.

**Punto 1.** Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior ( 12-11-2001)

Apróbase por asentimento unha vez admitidas as alegacións presentadas polos profesores Santamaría e Sánchez Bello que se incorporan á redacción definitiva.

**Punto 2.** Informe do Rector.

O Rector informa:

- da tramitación da Lei Orgánica de Universidades no Senado e da súa previsible aprobación definitiva no Congreso o día 20 de decembro.
- da celebración dunha sesión extraordinaria do Claustro Universitario o día 19 de decembro na que a Universidade de Vigo fixará a posición final sobre a LOU.
- da xuntanza mantida cos profesores contratados a tempo completo, na que o Rector lles transmitiu a intención de manter os compromisos acadados e de tomar as medidas oportunas para que leven a cabo a súa formación nas mellores condicións.
- da non elaboración do orzamento da Universidade de Vigo para o ano 2002 ata que a Xunta de Galicia faga o presuposto e se coñezan as cantidades adicadas ás universidades. Neste sentido, engade que a Universidade de Vigo mantén a súa reivindicación ante a Xunta para a revisión do plano de financiamento.
- da constitución do Consorcio para o Parque Científico Tecnolóxico Universitario de Galicia
- das xestións que se están a realizar para que a empresa de servizos en Tecnoloxías de Información, Comunitel, poña en marcha un centro de distribución de información e provisión de servizos avanzados. É unha oportunidade que este operador faga o seu investimento en Vigo e estanse a estudar as fórmulas para que este proxecto se leve a cabo.
- da recente publicación no Diario Oficial de Galicia do Decreto polo que se crea a Facultade de Ciencias da Saúde na Universidade da Coruña. A pesar dos informes negativos do Consejo de Universidades e do Consello Universitario de Galicia, parece deducirse que no sucesivo xa non é obrigatorio en Galicia ter alomenos unha titulación superior para crear unha Facultade ou unha Escola Superior.

**Punto 3.** Proposta da Comisión Xulgadora do Programa de Cátedras I+D a partir do estudio das solicitudes de revisión presentadas

O Vicerrector de Investigación informa de que o profesor Pio Manuel González Fernández presentou unha solicitude de ampliación do número de Cátedras I+D, aprobadas na anterior Xunta de Goberno. A Comisión Xulgadora ( elixida en Xunta de Goberno ) celebrou unha nova reunión e dediciu non ampliar o número de Cátedras I+D nesta convocatoria ( anexo I ).

O profesor Santamaría fai unha intervención que se recolle no anexo II.

O profesor Legido apoia a solicitude do profesor Pío González e non está de acordo coa proposta.

O profesor R. Berrocal defende a idea de facer unha valoración global da produción científica.

Os profesores Durany, de Vicente e o Sr. Pérez Gómez coinciden na opinión de que a Xunta de Goberno delegou este tema nunha Comisión e hai que respectar a proposta.

O Rector precisa que aínda facendo unha valoración global, acentúanse as diferencias entre os oito primeiros curricula e os restantes.

Sométese a proposta a votación:

A favor da proposta da Comisión	20 votos
En contra	5 votos
Abstencións	5

Non se amplia o número de Cátedras I+D.

**Punto 4.** Asuntos de profesorado: prazas BOE, visitantes.

- Prazas BOE-

O Vicerrector de Profesorado informa de que a solicitude da praza de Catedrático de Universidade na área 730 (Psicoloxía Básica) chega a Xunta de Goberno sen acordo da Comisión de Docencia xa que o perfil proposto (Psicoloxía Xurídica do Menor) refírese a unha materia optativa sen docencia na actualidade.

Os profesores Durany e Membiela manifestan o seu desacordo con que unha praza de Catedrático de Universidade se aprobe con este tipo de perfil.

Os profesores Legido, R. Berrocal, Tojo, Alonso Escontrela apoian a solicitude, din que non se debe entrar no tema dos perfís e que esa materia podería chegar a impartirse.

O profesor Santamaría di que un posible perfil podería ser "Psicoloxía Xurídica do Menor e outra materia da área".

O Rector opina que non se debe paralizar a saída desta Cátedra e que hai que tratar de buscar un perfil adecuado.

Matizando mais a proposta do profesor Santamaría, a Xunta de Goberno aproba por asentimento que o perfil que figure sexa o seguinte: "Psicoloxía Xurídica do Menor e unha materia troncal da área".

A continuación sométese a aprobación as seguintes prazas BOE.

T13	560	TIT-UN	VIGO	JUAN CARLOS BURGUILLO RIAL
T13	560	TIT-UN	VIGO	LUIS EULOGIO ANIDO RIFÓN
H05	445	CAT-UN	OURENSE	---
C11	755	CAT-UN	VIGO	---

X01	730	CAT-UN	PONTEVEDRA	---
X11	775	TIT-UN	PONTEVEDRA	---
X11	775	CAT-UN	PONTEVEDRA	--

Apróbanse por asentimento, quedando pendente a comprobación do acordo do Consello de Departamento de Historia, Arte e Xeografía sobre a saída a concurso dunha praza de Catedrático de Universidade na área 445 ( Historia Antiga)

- Visitantes-

Apróbanse por asentimento as seguintes solicitudes:

- Diana Valverde Pérez, coa categoría de TIT-UN , desde 14-12-2001 a 30-9-2002, no Departamento de Bioquímica, Xenética e Inmunoloxía.

-Dona Laura De La Torre Ramos, coa categoría de PP1, desde 14-12-2001 a 30-09-2001, no Departamento de Física Aplicada.

- Transformacións -

Apróbanse por asentimento as seguintes:

T13	560	LUIS EULOGIO ANIDO RIFÓN	DE PP1 a TIT-UN
X09	650	ALFONSO MANDADO VÁZQUEZ	DE TIT-UN interino a PP2

Neste último caso, a solicitude do interesado e por acordo do Consello de Departamento se solicita que se amortice a praza de Titular de Universidade Interino e se contrate de novo o profesor Alfonso Mandado Vázquez como PP2.

**Punto 5.** Recursos de alzada presentados por estudantes da Escola Universitaria de Estudos Empresariais de Vigo contra a non admisión a trámite de solicitudes de avaliación curricular.

O Vicerrector de Docencia e Alumnado, explica que no Rectorado se recibiron recursos de alzada contra a non admisión a trámite ( por parte da Xunta de Centro da Escola Universitaria de Estudos Empresariais de Vigo ) de solicitudes de avaliación curricular presentados polos estudantes:Manuel Carnero Fernández, Rosendo Gonzalo Covelo Roma, Jesús Costas Pastoriza, Rita Fernández Rodríguez, Belén González Martínez e Fernando Pérez Domínguez.

Asi mesmo, recibíronse solicitudes sobre este tema presentadas por D. José Carlos Carballa Martínez e Don José Antonio Comesaña Figueiras.

O profesor Santamaría fai unha intervención que se recolle no anexo II.

O profesor Sánchez Bello, Director do Centro, di que a Comisión Permanente, ante a non existencia de probas materiais das cualificacións non habendo constancia de reclamacións por parte dos estudantes, acordou non admitir a trámite as solicitudes de avaliación curricular. A Xunta de Centro ratificou este acordo.

O profesor Durany opina que se non existen as probas materias, debe dársele o beneficio da dúbida sen que iso condicione a posterior decisión da Comisión.

O profesor R. Berrocal considera excesivamente restrictiva a decisión da Xunta de Centro e opina que deben admitirse a trámite.

O profesor Durany resalta que a Comisión Permanente debería limitarse a estudar os aspectos formais.

Coinciden nesa opinión o Sr. Gude e a Sra. Corbacho.

O Rector di que non existindo probas materiais, non se deben desestimar a priori e deben ser admitidas a trámite. Acéptanse.

Sométe este tema a votación:

A favor de estimar o recurso	21 votos
A favor de desestimar o recurso	1 voto
Abstencións	4

Estímase o recurso e trasládase a decisión á Escola Universitaria de Estudos Empresariais.

**Punto 6.** Disposicións da normativa de equivalencia entre os programas de doutoramento e os títulos propios da Universidade de Vigo.

O Vicerrector explica o contido das disposicións adicionais e transitorias presentadas.

O profesor Santamaría propón un cambio de redacción na disposición transitoria segunda ( anexo II ) e o profesor Legido na disposición adicional primeira. Acéptanse.

Apróbase por asentimento ( anexo III).

**Punto 7.** Modificacións do regulamento de Biblioteca.

Despois de que o Vicerrector de Investigación explicou o contido das modificacións propostas pola Comisión de Biblioteca, varios membros da Xunta de Goberno cuestionaron algunos aspectos do capítulo III ( Infraccións e Sancións) estimando que deberían ser revisados.

Retírase o punto encargándose a revisión do texto a Comisión de Biblioteca.

**Punto 8.** Reforma do Convenio e dos Estatutos do Consorcio para a creación do Parque Científico Tecnolóxico Universitario de Galicia.

Unha vez incorporada a Universidade da Coruña ó Consorcio para a creación do Parque Científico Tecnolóxico Universitario de Galicia , sométese á consideración da Xunta de Goberno a versión definitiva do Convenio e dos Estatutos do consorcio.

Apróbase por asentimento ( anexo IV).

**Punto 9.** Aprobación, se procede, dos seguintes planos de estudio: Enxeñeiro en Automática e Electrónica Industrial e Enxeñeiro en Organización Industrial.

Apróbanse por asentimento.

**Punto 10.** Aprobación, se procede, do IV Master en Condiciones de Trabajo y Prevención de Riesgos Laborales.

O profesor Santamaría fai unha intervención que se recolle no anexo II.

O Sr. Velasco solicita aclaración sobre os criterios de selección do PAS e do PDI nos másters.

Apróbase o máster por asentimento.

**Punto 11.** Proposta de xerencia sobre aplicación do saldo da conta de *resultados de exercicios anteriores*.

O profesor Santamaría fai unha intervención que se recolle no anexo II.

Apróbase por asentimento a seguinte proposta do Servicio de Contabilidade: aplicación do saldo da conta " resultados de exercicios anteriores" por un importe de 18.769.548.809 pts á conta de "Patrimonio", así como habilitar ó Rector para que a peche do exercicio 2001 se poida relizar a mesma aplicación dos resultados do exercicio 2000.

Apróbase por asentimento.

**Punto 12.** Elección para cubrir as seguintes vacantes en Comisións Delegadas de Xunta de Goberno -Comisión de Docencia: 1 vacante no sector de estudantes -Comisión de Ordenación Académica e Validacións : 1 vacante no sector de estudantes

A única candidatura presentada para a COAV foi a de Patricia Corbacho Suso que pasa a formar parte da devandita Comisión.

Para a Comisión de Docencia houbo dúas candidaturas:

Luis Gude Troitiño	1 voto
Rubén Garrido Bernárdez	3 votos

Queda elixido Rubén Garrido Bernárdez.

**Punto 13.** Rogos e preguntas.

O Sr. Mollinedo pregunta qué pasa coa tarxeta de identificación universitaria e porque desapareceu a sección de Biblioteca da actual versión da páxina web.

A profesora de la Montaña pregunta pola forma de acceder na páxina web á información restrinxida. Roga que nas listas de alumnos por materias se facilite o número de alumnos novos. Pregunta se procede realizar eleccións a Xunta de Centro ( O Rector responde que si, xa que a efectos de órganos de Goberno, segue vixente a LRU en tanto non estean aprobados os novos estatutos).

A profesora Alonso Escontrela pregunta cando sairá a concurso o edificio da Facultade de Ciencias da Educación en Pontevedra ( O Rector responde que se fará no prazo mais breve posible).

O profesor R. Berrocal pregunta porque se variou o procedemento na convocatoria de produción científica e roga que se volva ó procedemento orixinal. (O Vicerrector de Investigación responde que con este sistema se pretende realizar todo o proceso dun xeito mais rápido ).

O profesor Tojo roga que se corrixa a insostible situación material na que están os profesores de Química que aínda teñen o despacho no CUVI.

A Sra. Corbacho pregunta se se vai obedecer a nova Lei ( O Rector responde que él cumpre as leis e tamén executa os acordos dos órganos colexiados).

O profesor Santamaría fai os rogos e preguntas que se recollen no anexo II.

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 14:30 horas do día 13 de decembro de 2001 da que eu como Secretaria Xeral dou fe, co visto e prace do Rector.

O Rector

A Secretaria Xeral

Domingo Docampo Amoedo

Margarita Estévez Toranzo